

Código de conduta para a igualdade de xénero

Aprobado no Consello de Goberno do 20/12/2023

Este código de conduta aplícase a toda a comunidade universitaria, empresas colaboradoras e calquera persoa que participen en actividades en que estea involucrada a Universidade da Coruña (UDC). Este documento vincúlase tanto co Plan de Igualdade vixente como coas políticas en materia de igualdade desta universidade. Está inspirado no “Código de conducta y buenas prácticas en materia de igualdad de género” da Universitat de València.

1. Obxectivos

- Respetar e actuar para garantir a igualdade entre mulleres, homes, transexuais, lesbianas, gays, bisexuais, queer e + en todas as actividades en que participa a UDC.
- Determinar de forma explícita os comportamentos aceptables e inaceptables en materia de igualdade de xénero.
- Visibilizar a necesidade de incorporar a igualdade de xénero como valor de primeira orde e a obrigatoriedade de rexeitar calquera manifestación de violencia por razón de sexo, xénero, orientación ou identidade sexual.
- Fomentar o cambio social para erradicar os roles e estereotipos de xénero promovidos polo sistema patriarcal.

2. A UDC como espazo libre de violencias de xénero e en prol da igualdade

Rexéitanse todo tipo de condutas sexistas, de acoso e agresión sexuais, como por exemplo:

- As descualificacións persoais e/ou profesionais.
- O uso de materiais e exemplos para a práctica docente e investigadora con contidos sexistas (salvo para denuncialos).
- Os comentarios ofensivos sobre o físico, a identidade de xénero, a orientación sexual e as crenzas respecto diso.
- A prohibición de que algunhas persoas poidan comunicarse co resto por razón de sexo, xénero ou orientación sexual.
- As ordes contraditorias e/ou vexatorias en relación co xénero e/ou co sexo.
- Asignar unha tarefa determinada a unha persoa en función de sexo, xénero ou orientación sexual.
- Utilizar humor sexista ou homófobo.
- Utilizar formas de comunicación non verbal que producen un ambiente incómodo

ou hostil.

- Empregar termos denigrantes ou machistas para dirixirse a persoas en función do seu sexo, xénero ou orientación sexual (por exemplo: *nena, *guapa, *maricón, *travestí, diminutivos pexorativos etc.).
- Empregar a violencia, intimidación ou drogas para abusar sexualmente ou manter relacións sexuais cunha persoa.
- Aproveitar a falta de consciencia doutra persoa para manter relacións sexuais.

En referencia ao acoso sexual ou a outras formas de discriminación ou acoso por razón de sexo, de orientación afectivo-sexual, de identidade ou expresión de xénero e das características sexuais véxase o protocolo fronte ao acoso vivente na UDC.

En todo caso, as persoas da comunidade universitaria:

1. Terán unha actitude respectuosa no trato cara ás persoas sen distinción de sexo e/ou xénero, orientación ou identidade sexual e salvagardando a súa dignidade e intimidade.
2. Evitarán as asimetrías de trato por razón de sexo, xénero ou orientación ou identidade sexual nas relacións interpersoais, como exemplo (entre outros moitos):
 - ✓ Empregar “o profesor” fronte a “a moza” (no canto de “a profesora” para se referir a un membro do PDI).
 - ✓ Empregar o apelido tanto para se referir a homes como a mulleres (cómpre evitar dicir “o Dr. López” fronte a “Clara” no canto de “a Dra. Fernández”).
3. Asegurarán o dereito de todas as persoas a non ser obxecto de comportamentos de violencia sexual, tales como:
 - ✓ Todo acto de carácter sexual non consentido sobre outra persoa, desde un mero contacto físico até agresións.
 - ✓ As demandas de favores sexuais acompañados de promesas de trato preferente e/ou de ameazas, así como aquelas que constitúan un abuso de superioridade.
 - ✓ A observación clandestina de persoas (esta última en lugares como aseos, vestiarios etc.) e en calquera lugar físico ou contorna virtual onde se realicen actividades en que a UDC estea involucrada.
4. Prestarán especial atención aos comportamentos de acoso e de sexismo tanto nos medios como en redes sociais, correo electrónico, mensaxaría instantánea etc., empregados no ámbito académico e institucional.
5. Deberán corrixir todas as formas de discriminación, rexeitamento e comportamento hostil, humillante, abusivo etc. cara ás persoas.
6. Recoñecerán e respectarán a diversidade existente entre as mulleres de acordo coa

súa cultura, etnia, relixión etc. respectando a dignidade das persoas. Serán especialmente sensibles neste sentido co alumnado, profesorado e persoal procedente doutras culturas.

7. Deberán comunicar os incumprimentos deste código á Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), co fin de poder activar o protocolo da UDC.

3. A UDC a favor da comunicación inclusiva e non sexista

1. En todos os ámbitos da UDC, o uso da lingua formal ou informal, oral ou escrita en formato impreso ou dixital, incluído o dos formularios e outros documentos institucionais (ex.: guías docentes, actas etc.), debe procurar ser inclusivo e non sexista. Algunhas modalidades da linguaxe inclusiva son:

- ✓ Evitar o uso do masculino xenérico canto sexa posible (ex.: non dicir “os alumnos” ou “os profesores” e si “o alumnado” ou “o profesorado”).
- ✓ Acudir ao desdoblamento cando sexa necesario, (ex.: “todos/as os/as estudantes”, “todos/as os/as docentes” etc.).
- ✓ Favorecer “quen” e “a persoa” fronte a “o que” (ex.: “quen se matriculou” ou “a persoa que se matriculou”).

2. Non se permitirá o emprego de linguaxe discriminatoria ou excluínzte que puidese ser desigual ou ofensiva para mulleres, homes, transexuais, lesbianas, gays, bisexuais, queer e +, en calquera comunicación ou medio de comunicación.

3. A linguaxe visual será inclusiva, reflectirá a diversidade existente na comunidade universitaria e, por tanto, non será nin discriminatoria nin sexista. Como exemplo:

- ✓ Uso de palabras, imaxes ou outros símbolos de carácter sexista no ámbito universitario (ex.: aulas, salas de reunión, plataformas en liña etc.).
- ✓ Uso de medios que xeren violencia ambiental: música, imaxes etc.

Este documento foi elaborado por:

María José Abad López (OIX); María Alicia Arias Rodríguez (REDIX), María Concepción Carreiro Otero, (REDIX), Carmen Coronado Carvajal, (REDIX), Ana Jesús López Díaz, (REDIX) Cristina López Villar (OIX), Margarita Novales Ordax (OIX), Carolina Núñez Puente, (REDIX), Andrés Prieto Aneiros, (REDIX), Ana Sánchez Bello (REDIX)

E foi revisado por: Patricia Faraldo-Cabana (UDC), Josefina Goberna Tricas (UB), Ana Neira Pena (UDC) e o Servizo de Normalización Lingüística (UDC)